



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO, SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL

Anuncio

Leandro Inocencio Quintas Saavedra solicita a creación da ECC Rio Seco ubicada nas seguintes leiras da súa propiedade: parcela 14 do polígono 11 e parcela 131 do polígono 12 do concello de Palas de Rei, e parcela 1 do polígono 19 do concello de Santiso

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DE DOUS MESES**, dende a súa publicación no BOP.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 2717

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de datas 2 e 3 de setembro de 2019, sobre nomeamento de persoal eventual que textualmente din o seguinte:

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de persoal eventual da entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto básico do emprego público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVA:

1.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 2 de setembro de 2019, a dona Marta de Dios Crespo como Asesora Nivel III, adscrita á Presidencia.

2.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de persoal eventual da entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto básico do emprego público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVA:

1.- Nomear con carácter de persoal eventual, coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 2 de setembro de 2019, a dona Beatriz Yáñez Castro como Asesora Nivel III, adscrita á Presidencia.

2.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Visto que o Pleno desta Deputación Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 2019, aprobou o Cadro de persoal eventual da entidade; conforme ao disposto polos artigos 104 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e 30 do RD 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como polo art. 12 do Estatuto básico do empregado público.

Á vista dos informes que obran no expediente, procede que pola Presidencia da Deputación, en uso das atribucións que lle confire o artigo 104.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de réxime, RESOLVA:

1.- Nomear con carácter de persoal eventual coas condicións sinaladas no acordo plenario citado, con efectividade do día 3 de setembro de 2019 a don Andrés Díaz-Varela López como Asesor Nivel II, adscrito ao Grupo Provincial Socialista.

2.- O persoal eventual nomeado cesa automaticamente, en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súas funcións de confianza ou asesoramento”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O que se fai público aos oportunos efectos.

Lugo, a catro de setembro de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2718

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 17 de xullo de 2019, adoptouse acordo sobre “ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN” cúa parte resolutoria é a seguinte:

“Primeiro.- Os membros da Corporación que non teñan asignada dedicación exclusiva nin dedicación parcial, percibirán a seguinte indemnización:

- Por asistencia ás sesións do Pleno: 100 €/sesión.

Segundo.- Comisión de Servizos: cumprindo en todo caso os criterios establecidos no artigo 12 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo:

- Dieta enteira (xornada completa con pernocta fóra): 155 €/día.

- Dieta enteira (sen pernocta fóra): 100 €/día.

- Media dieta (con manutención incluída): 75 €/día.

Terceiro.- Quilometraxe: gastos de locomoción en vehículo propio que se produza como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais, 0,19 €/km percorrido.”

Baralla, 6 de setembro de 2019.- **O ALCALDE**, Miguel González Piñeiro.

R. 2719

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 17 de xullo de 2019,

adoptouse acordo sobre "RELACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DEDICACIÓN PARCIAL" cuxa parte resolutoria é a seguinte:

"Primeiro.- Establecer coma cargo que leva aparelado o réxime de dedicación exclusiva:

- O do 1º Tenente de alcalde D. Manuel Rodríguez Vilela.

-Retribución do indicado cargo:37.000 € brutos anuais, distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias)

Segundo.- Establecer coma cargo que leva aparelado o réxime de dedicación parcial ao 75 %:

-O do Alcalde-Presidente, D. Miguel González Piñeiro.

-Retribución do indicado cargo: 30.000 € brutos anuais, distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias).

Terceiro.- O importe das dedicacións actualizaranse anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da Administración Pública.

Cuarto.- Proceder a realizar os trámites pertinentes a efectos laborais tanto no referente ao Sr. Alcalde como ao 1º Tenente de Alcalde, na forma en que legalmente corresponda."

Baralla, 6 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2720

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 17 de xullo de 2019, adoptouse acordo sobre "ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS MUNICIPAIS" cuxa parte resolutoria é a seguinte:

"Primeiro.- Asignar a tódolos grupos políticos da Corporación Municipal, a seguinte dotación económica:

90 €/mes, por cada grupo político.

50 €/mes, por cada concelleiro que forme parte do mesmo.

Segundo.- Os pagos aos grupos faranse con carácter trimestral e con efectos desde a constitución dos grupos políticos na actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación de procedemento administrativo podería outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas e procedemento administrativo común, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existirán xa na data á que se retroaiga a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas."

Baralla, 6 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2721

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 17 de xullo de 2019, adoptouse acordo sobre "DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL" cuxa parte resolutoria é a seguinte:

"Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do concello.

- A concertación de operacións de crédito cuxa cuantía acumulada dentro de cada exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto, salvo as de tesourería cando o seu importe acumulado das operacións vivas desta natureza incluída a nova operación, supere o 15% dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, subministrados, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio atribuídas ao Pleno do concello na disposición adicional segunda

da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando non requira para a súa aprobación maioría absoluta.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos no presuposto.
- A solicitude de calquera tipo de axudas e subvencións.
- Todas as demais competencias que expresamente lle atribúan ao Pleno e non esixan unha maioría especial para a súa aprobación.

Segundo.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 40/2015 de 1 de outubro, e os artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Terceiro.- O presente acordo producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo, conforme ao establecido no artigo 151 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Baralla, 6 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2722

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 12 de 2019, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 24 de xullo de 2019, cun importe que ascende a cantidade de 53.300 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

Cap.1.- Gastos de persoal _____	1.085.189,12 €
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos _____	812.286,44 €
Cap.3.- Gastos financeiros _____	4.700,00 €
Cap.4.- Transferencias correntes _____	71.300,00 €
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos _____	0,00 €
Cap.6.- Inversións reais _____	880.678,92 €
Cap.7.- Transferencias de capital _____	75.000,00 €
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS _____	2.929.154,48 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 6 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2723

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 1422/2019 E 1424/2019. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2019.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 7 de agosto de 2019, prestou aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.827,60 €, correspondendo 988,80 € a libre concorrencia e 5.838,80 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento dende o día 26 de agosto de 2019 ata o día 26 de outubro de 2019, ambos os dous inclusive.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 4 de setembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Fernández Rei.

R. 2732

Anuncio

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VERÁN

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 7 de agosto de 2019 o establecemento e fixación do PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VERÁN, polo importe de 8 euros mensuais de cota por cada actividade por alumno e mes.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

Burela, 5 de setembro de 2018.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2733

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19007463 DO 05/09/2019

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2019, adoptou o acordo 10/478 PROPOSTA DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA, NOS SUPPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DE PRAZAS DE FUNCIONARIO/A NA CATEGORÍA DE TECNICO/A EN XARDIN INFANCIA.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 01/07/2019, modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, de prazas de funcionarios na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 10/478 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 31.07.2019, que seguidamente se transcriben:

“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, que complementará a lista resultante do proceso selectivo, convocado polo Decreto número 18001972, do 09 de marzo de 2018, mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico/a de Xardín de Infancia pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre. Esta nova lista completará a aprobada polo Decreto referenciado de tal xeito que, só cando non haxa candidatos/as nesta, se chamará aos procedentes desta nova convocatoria.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse

o requisito da non- presentación do DNI, certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores/as de alimentos, acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios e acreditación da vacinación da rubéola e da titulación esixida.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do título de Técnico en educación infantil ou equivalente (técnico especialista-educador infantil ou xardín de infancia) ou superior (mestre especialista en educación infantil ou equivalente, técnico superior en educación infantil).

c) Estar en posesión do certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos, acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios e acreditación da vacinación da rubéola. (Segundo o disposto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo pola que se regulan os centros de menores e de atención á infancia, nos seus puntos 4c),4d) 4e) e no artigo 20ª do capítulo III que regula os centros de atención á infancia e os seus servizos complementarios, así como no Protocolo da Inspección de Servizos Sociais sobre os centros de atención á infancia da comunidade autónoma de Galicia)

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

g) Os/as aspirantes que superen o proceso deberán presentar unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais, de acordo có disposto no artigo 13 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

3.-ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse a Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través das vías establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia do DNI

b.- Fotocopia da titulación esixida.

c.- Fotocopia da acreditación de estar en posesión do certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos.

d.- Fotocopia da acreditación de ter coñecementos básicos en primeiros auxilios.

- e.- Fotocopia da acreditación da vacinación da rubéola.
- f.- Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A1) Realización dunha proba consistente en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas tipo test e 5 preguntas de reserva relativas ao contido das materias enunciadas no temario adxunto. Cada pregunta terá 3 respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50; cada pregunta contestada erroneamente restará 0,166, puntuando con 0 puntos a deixada en branco. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

Para a súa superación deberase acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

A2) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.- Esta proba únicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Os que non o superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

ANEXO.- Temario

Tema 1.- O desenvolvemento motor. Leis e fases do desenvolvemento motor. A psicomotricidade. Alteracións e trastornos motores na nena e no neno nos primeiros anos.

Tema 2.- O desenvolvemento cognitivo. A intelixencia sensoriomotora na infancia. A intervención educativa. Alteracións no desenvolvemento cognitivo da/do menor.

Tema 3.- A expresión e a comunicación. Importancia e adquisición da linguaxe na infancia. A intervención educativa no caso das linguas en contacto.

Tema 4.- A expresión xestual e corporal. Etapas. A importancia da linguaxe xestual e corporal nos primeiros anos de vida.

Tema 5.- O desenvolvemento afectivo. Características da afectividade infantil. O desenvolvemento socioafectivo-emocional no neno e na nena. Trastornos deste desenvolvemento.

Tema 6.- Ingreso da/o menor no centro infantil. A adaptación. A importancia da relación-familia escola.

Tema 7.- Concepto e natureza do xogo. O xoguete. O/A educador/a e o modelo lúdico. Influencia dos medios de comunicación no xogo e no xoguete.

Tema 8.- A educación para a saúde. Medio ambiente e saúde. O papel do educador/a infantil na educación para a saúde. Os medios de comunicación e a saúde nos/as menores.

Tema 9.- A alimentación e nutrición infantil. Etapas. Novas tendencias referidas á alimentación. A importancia dos medios de comunicación na alimentación das/os nenas/os. Alteracións alimentarias.

Tema 10.- A hixiene infantil e o medio. Alteracións relacionadas coa hixiene. O descanso infantil. O sono.

Tema 11.- Enfermedades infantís. O papel do/a educador/a, da escola e da familia nas enfermidades infantís.

Tema 12.- Accidentes infantís. Prevención de accidentes na infancia. Primeiros auxilios.

Tema 13.- A programación da escola infantil de 0 a 3 anos. Elementos da programación.

Tema 14.- A avaliación na educación infantil de 0 a 3 anos. Ámbitos de avaliación. Instrumentos de observación. Documentos de avaliación non centro ou escola.

Tema 15.- Diversidade educativa. Necesidades Educativas Especiais. Adapatacións curriculares. Novas tecnoloxías para a atención á diversidade. Normativa legal.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Técnico/a en Xardín de Infancia, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento no seu caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

O puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de enmendadas.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega a persoa aspirante. As e os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, a dita documentación poderá ser requirida a todas e todos os demais aspirantes en calquera momento do proceso.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidente: Fernando Prado Rodríguez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Amparo Rubinos Hermida, Técnico Medio de Xestión (Xefa da Sección de Estatística e Cemiterio) do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Marta Jesús Otero López, Directora da Escola Infantil Municipal Gregorio Sanz do Concello de Lugo.

Suplente: Dona M^a José Pena Lage, Orientadora Laboral do Concello de Lugo.

- Dona M^a Eugenia Fernández Touzón, Directora da Escola Infantil Municipal Serra de Outes do Concello de Lugo.

Suplente: D. Francisco Javier Fernández Eiros, Animador Sociocultural do Concello de Lugo.

- Dona Carmen María Fernández López, Educadora Social (Xefa da Sección de Cultura) do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Eva de la Fuente Morado, Educadora Social do Concello de Lugo.

Secretaria:

- Don Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo.

Suplente: Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

7.- RÉXIME DE RECURSOS

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola

disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2724

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

O Concello de Meira aprobou as bases do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de persoal laboral temporal para a limpeza dos centros educativos e dependencias municipais do Concello de Meira.

De acordo coa Base 5ª faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipais.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 12 de setembro do 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 2741

MURAS

Anuncio

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA FEIRA DO POLDRO E GANDO DO MONTE

Os premios preséntanse cos seguintes obxectivos:

- Dinamizar o sector da gandaría no Concello de Muras
- Promover a exposición dos animais
- Promover a carne criada no Concello de Muras como son as de poldro e vacún
- Promover a compra e venda de gando tanto de residentes como de visitantes.
- Apostar pola profesionalidade do sector dandeiro, incentivando a participación e calidade dos participantes.

PARTICIPANTES

Nesta edición de premios para a exposición de gando cabalar e vacún participarán todas as persoas físicas e xurídicas cuxa actividade profesional se englobe dentro do ámbito das gandaría e que asistan á feira.

Os participantes teñen que ter os animais debidamente documentados

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As gandaría participantes poderán cubrir a solicitude no Concello de Muras ou ben por correo electrónico (administración@muragal) e entregala totalmente cumprimentada desde o 6 de setembro ata a mañá do día 20 de setembro.

A inscrición será totalmente gratuita.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os aspirantes os premios comprométese a cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán presentar os seus animais debidamente documentados.
- Os participantes que non soliciten curro no prazo incrito, non poderán optar a premios.
- Os animais serán cualificados por veterinarios que seguirán unha táboa de parámetros.
- Os donos dos animais gañadores recibirán o premio correspondente á súa sección.
- A decisión do xurado será irrevogable.
- O Concello, como entidade organizadora resérvase o dereito de admisión á feira.

DATA

O clasificación levarase a cabo durante a mañá do día 22 de setembro de 2019 ás 11:00 horas.

XURADO E CLASIFICACIÓN

O xurado estará composto por:

- Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue.
- Dous veterinarios do Hospital Universitario ROF CODINA da Facultade de Veterinaria de Lugo

Os xuíces identificarán o animal inscrito na participación e acto seguido valorarán o participante cunhas táboas de cualificación para chegar ó veredicto final.

PREMIOS

* Maior número de cabezas de gando:

- 1º premio: 300,00€
- 2º premio: 200,00€
- 3º premio: 150,00€
- 4º premio: 100,00€
- 5º premio: 75,00€

* Mellor semental cabalar

- 1º premio: 150,00€
- 2º premio: 100,00€
- 3º premio: 75,00€

* Mellor egua:

- 1º premio: 150,00€
- 2º premio: 100,00€
- 3º premio: 75,00€

* Mellor lote cabalar

- 1º premio: 150,00€
- 2º premio: 100,00€
- 3º premio: 75,00€

* Mellor cria cabalar do ano

- 1º premio: 150,00€
- 2º premio: 100,00€
- 3º premio: 75,00€

* Mellor semental bovino

- 1º premio: 150,00€
- 2º premio: 100,00€
- 3º premio: 75,00€

* Mellor vaca

- 1º premio: 150,00€

- 2º premio: 100,00€

- 3º premio: 75,00€

* Mellor lote bovino

- 1º premio: 150,00€

- 2º premio: 100,00€

- 3º premio: 75,00€

* Mellor cria bovina do ano

- 1º premio: 150,00€

- 2º premio: 100,00€

- 3º premio: 75,00€

Ademáis, os participantes que leven un número de cabezas igual ou superior a 2 animais, recibirán un donativo de 50 euros pola súa participación.

Este premio será incompatible con outros premios.

Os gañadores deberán aportar o número de conta corrente para o ingreso do premio correspondente.

VANTAXES DE PARTICIPAR

*Para as gandarías e propietarios

- Contarán con promoción gratuita dos seus animais, podendo alcanzar novos mercados.

- Os premios reflectirase tanto en carteis publicitarios, prensa e medios de comunicación audiovisual.

- Os animais serán xulgados por profesionais do sector.

- O Concello proporcionará aos participantes a inscrición gratuita.

*Para os visitantes asistentes

- Poderán gozar da exposición, coñecendo os animais e gandarías participantes.

- Favorecerase a compra venda xa que os veterinarios xulgarán os mellores animais da feira.

ACEPTACIÓN DAS BASES

Unha vez firmada a solicitude de participantess aceptan as condicións establecidas nas presentes bases.

PUBLICACIÓN DAS BASES

As bases publicaranse no BOP de Lugo, la páxina web do Concello www.muras.gal, e acompañarán cada instancia de incripción.

Muras, 6 de setembro de 2019.- A Alcaldesa acctal, Belén Chao Ramil.

R. 2725

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento de **EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 104/2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **D. ALBERTO GRANDIO DIAZ** contra **TRANSPORTES MOURE MOURE SL**, se ha dictado auto de fecha 30/7/2019, cuya parte dispositiva literalmente dice:

“DISPONGO: Despachar orden general de ejecución a favor de **D. ALBERTO GRANDIO DIAZ**, frente a **TRANSPORTES MOURE MOURE SL**, por importe de **3.417,21 euros** en concepto de principal, más otros **600 euros** que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación.

Notifíquese a las partes.

Contra este auto podrá interponerse recurso de reposición, a interponer ante este órgano judicial, en el plazo de los TRES DÍAS hábiles siguientes a su notificación, en el que además de alegar las posibles infracciones en que hubiera de incurrir la resolución y el cumplimiento o incumplimiento de los presupuestos y requisitos procesales exigidos, podrá deducirse la oposición a la ejecución despachada, aduciendo pago o cumplimiento documentalmente justificado, prescripción de la acción ejecutiva u otros hechos impeditivos, extintivos o excluyentes de la responsabilidad que se pretenda ejecutar, siempre que hubieren acaecido con posterioridad a su constitución del título, no siendo la compensación e deudas admisible como causa de oposición a la ejecución.

Si el recurrente no tuviere la condición de trabajador o beneficiario del régimen público de seguridad social deberá consignar la cantidad de 25 euros, en concepto de depósito para recurrir, en la Cuenta de Depósitos y Consignaciones Judiciales abierta en la entidad BANCO SANTANDER, expediente 2323000030010419. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa TRANSPORTES MOURE MOURE SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que resuelva un incidente o ponga fin al procedimiento, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a treinta y uno de julio de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2727

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D. RAFAEL GONZÁLEZ ALIÓ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 556/2017 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de **D. MANUEL MARIA DOMINGUEZ REY** contra la empresa **LUTSYMA S.L.**, sobre ORDINARIO, se ha dictado sentencia con fecha 29 de mayo, cuya parte dispositiva se adjunta:” **DECISIÓN.-1.Acollo a demanda formulada por Manuel María Domínguez Rey da cantidade de 12965,33 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-2.As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas solidariamente por LUTYSMA, SL.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un *recurso de suplicación* ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta de depósitos e consignacións do Xulgado, indicando o número de autos.-De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.-Rubricado”.**

Y para que sirva de notificación en legal forma a **LUTSYMA S. L.**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a treinta y uno de julio de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2728

XULGADO DO SOCIAL N.º 5 A CORUÑA

Anuncio

D/Dª **ROSANA CORRAL GARCIA**, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 005 de A CORUÑA, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento PIEZA TASACION COSTAS 0000001 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D/Dª XAN XOSE FARIÑA SOBRINO contra FONDO DE GARANTIA SALARIAL, FIBERCABLE TELECOMUNICACIONES, S.L. sobre ORDINARIO, se ha dictado en el día de la fecha decreto cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

PARTE DISPOSITIVA

ACUERDO:

APROBAR LA TASACION DE COSTAS practicada en fecha 12 de marzo de 2019 por importe de 230 euros.

APROBAR LA LIQUIDACIÓN DE INTERESES presentada por la parte ejecutante, por importe de 21,29 euros.

Ambas cantidades deberán ser abonadas por la parte ejecutada.

Constando ya consignados **83 euros**, hágase pago al ejecutante de los intereses aprobados así como de 61,71 euros en concepto de parte de costas, librándose para ello los correspondientes mandamientos de devolución, que podrán **retirar en este Juzgado, a partir de la notificación de esta resolución.**

Requerir a la parte ejecutada a fin de que, en el plazo de diez días abone la cantidad restante en concepto de costas, que asciende a 168,29 euros, bajo apercibimiento de embargo, si no lo verifica.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Podrá interponerse recurso directo de revisión ante quien dicta esta resolución mediante escrito que deberá expresar la infracción cometida a juicio del recurrente, en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación. (Art. 188.2 de la LJS).

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a Fibercable Telecomunicaciones S.L., en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En A CORUÑA, a tres de septiembre de dos mil diecinueve.

R. 2729